

## **Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega da Medalla do Parlamento de Galicia 2026**

Parlamento de Galicia  
6 de abril de 2026  
18.00 h.

Moi boa tarde, e benvidos á casa de todos os galegos e galegas nesta xornada que compartimos para entregar a máxima distinción que outorga o Parlamento de Galicia.

Saúdo tamén, ao tempo, a cantos hoxe escolleron acompañárennos a través da Televisión de Galicia, a Radio Galega ou a través da web do Parlamento de Galicia.

Logo de edicións anteriores, nas que esta Medalla ten recoñecido o esforzo e a contribución de persoas e de institucións ao afianzamento do noso autogoberno, hoxe poñemos o foco nas deputadas da IV lexislatura que hai trinta anos participaron na IV Conferencia Mundial da Muller celebrada en Beijing, dando voz ás mulleres galegas para avanzar na igualdade de xénero e situalas no merecido centro de todas as políticas públicas.

Xunto a elas, Manuela López Besteiro, exconselleira que, como deputada na III Lexislatura, impulsou neste Parlamento a creación do primeiro departamento con rango de dirección xeral na Xunta de Galicia dedicado á promoción da igualdade entre homes e mulleres.

É así como hoxe damos cumprimento ao compromiso previsto no noso Regulamento, para distinguir aquelas institucións ou persoas físicas ou xurídicas que se fan merecedoras da consideración honorífica dos representantes lexítimos do pobo galego, por se teren distinguido ao



servizo da Comunidade Autónoma, ou pola súa especial relación ou vínculo co Parlamento

Facémolo nunha data tan destacada como a de hoxe: cando o noso Estatuto cumpre 45 anos de vixencia e plena madurez nos que galegos e galegas vimos medrar a nosa autonomía.

A historia desas máis de catro décadas de Autonomía é a historia dun éxito, dun punto de encontro que deu paso a unha etapa de autoestima, estabilidade e progreso. É a historia do que fomos e do que somos.

Esa estabilidade política e social que nos caracterizan, xunto coa lealdade institucional, son as que, nesta etapa de certa convulsión xeral, permiten a Galicia permanecer afastada das tensións e das polarizacións que condicionan outros escenarios xeográficos.

Se Galicia posúe e exerce unha autonomía plena, con sólidas institucións de autogoberno –incluído este Parlamento– é consecuencia do Estatuto que hoxe conmemoramos. Hai que o lembrar sempre e moi especialmente no día de hoxe.

Son un firme defensor do autonomismo, grazas ao que acadamos as transferencias que nos permitiron xestionar de cerca a nosa Sanidade.

Grazas a elo rematamos coa mendicidade de andar pedindo asistencia sanitaria fora de Galicia.

E hoxe xa son moitos os pacientes doutras autonomía que veñen aos nosos centros hospitalarios.

Nesta celebración é obrigado para min lembrar tamén a don Ramón Otero Pedrayo, ao que dedicamos este Ano Oteriano por acordo unánime de todos os grupos parlamentarios. El participou activamente na campaña do plebiscito do Estatuto de Galicia de 1936, compartindo como todos os galeguistas a alegría daquel triunfo, que foi breve, mais tamén o xerme da nosa Autonomía.

Mágoa que non vivise para ver os froitos dos seus sacrificios, nunca recompensados, e os de tantos outros, aos que debemos a preservación dos nosos sinais de identidade e a contribución ao deseño do marco democrático que propiciou a nosa autonomía política dentro do marco da Constitución.

Toda historia é construída cada día sobre a base de pequenos e de grandes xestos protagonizados tanto por persoas con nome e apelidos como por homes e mulleres anónimos. Pero tamén é certo que a historia necesita ser compilada e transmitida a quen nos suceda.

E, como dixera o profesor Francisco Puy Muñoz, quen fora secretario da Comisión redactora do Estatuto de Autonomía, «ninguén debe conformarse con seguir as pegadas que outros andaron antes, sen intentar, cando menos, abrir un pouco máis de camiño para os que veñan detrás».

Nese camiño foi no que se atoparon as mulleres que hoxe homenaxeamos como protagonistas dun fito histórico como foi a súa participación, hai trinta anos, na Conferencia Mundial de Mulleres de Beijing e, no caso de Manuela López Besteiro, o seu traballo para impulsar a creación do primeiro departamento para a promoción da igualdade no seo da Xunta de Galicia.

Hoxe queremos visibilizar o noso recoñecemento, que é o de todos os galegos e galegas, ao dignísimo papel que levou as deputadas María Xosé Ares Casal, María Teresa Fernández Piñeiro, Pilar Pedrosa González de Castejón, María Fernanda Cerviño Villaverde e Elisa Madarro González, do Grupo Popular; María Xosé Porteiro García e María Antonia Álvarez Yáñez, do Grupo Socialista, e María Pilar García Negro e Olaia Fernández Davila, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a faceren oír as súas voces nunha conferencia internacional que marcou, nos anos seguintes e aínda a día de hoxe, o devir das políticas a prol da igualdade de xénero.

Cómpre, xa que logo, recoñecer o seu compromiso e o seu esforzo para aparcarmos as lexítimas diferenzas ideolóxicas e acadarmos o consenso necesario na procura do ben común. Todas elas son, sen dúbida, un

exemplo que paga a pena ser tido en conta, máis aínda nestes tempos que nos toca vivir.

Grazas a todas ás que nos acompañan e ás que non puideron estar hoxe connosco.

Como presidente do Parlamento, e incluso antes, podo dar fe de que aquel espírito de Beijing pervive a día de hoxe nesta Cámara, na que as voces de deputados e deputadas resoan en debates intensos, pero na que tamén sempre atopan un espazo san para propiciar o consenso ou o punto de encontro que a sociedade nos demanda.

Hai tan só uns poucos meses, con ocasión do 30 aniversario da Conferencia de Beijing, tivemos ocasión de escoitar nesta mesma sala as súas experiencias. E, ao mesmo tempo, puidemos reafirmar, nun manifesto conxunto asinado por todas as forzas parlamentarias, que continúa en pé aquel compromiso que supuxo un punto de inflexión e inspirou políticas e cambios sociais na loita común pola igualdade.

A participación das nosas deputadas en Beijing marcou un fito que forma parte da nosa historia, un punto de partida para avanzarmos no compromiso da igualdade e nos dereitos de todas e de todos.

A liberdade e a igualdade son dúas verbas intrinsecamente unidas: somos máis libres cando somos máis iguais.

Os avances desde Beijing están á vista de todos. Chega con botarmos unha ollada á composición do Parlamento hai trinta anos, cando as mulleres só ocupaban o 16 por cento dos escanos, nos que hoxe son clara maioría.

Cando as deputadas galegas levaron a Beijing o acordo unánime das forzas parlamentarias acadado no seo da Comisión para a Igualdade desta Cámara, daquela a primeira e única comisión destas características operativa nun Parlamento, nin sequera a Conferencia Mundial que reuniu representantes de 189 gobernos consideraba un foro específico de lexisladoras.

Foron a súa determinación, a súa dignidade e o seu compromiso os que as levaron a se inscribiren no apartado das organización non gobernamentais. Participaron deste xeito cunha proposta específica para a elaboración dunha Carta dos Dereitos das Mulleres que sería remitida a todas as institucións gobernamentais e públicas con responsabilidade na execución de políticas relativas á muller.

Posteriormente, o 25 de outubro de 1995, o Parlamento de Galicia acordou, por unanimidade, ratificar o acordo da Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres relativo á Declaración Parlamentaria de Beijing, adoptada na IV Conferencia Mundial da Muller.

Se nos detemos a reflexionar sobre os avances realizados en favor da igualdade de xénero, desde que se adoptou a plataforma de Acción de Beijing, podemo afirmar que foron moitos, e aí radica o poder dos acordos e a acción de compartilos.

Galicia foi pioneira en 1994 ao se dotar da Comisión para igualdade e para os Dereitos das Mulleres, tamén a primeira en aprobar a axenda de Beijing. E, consonte as obrigas recollidas no noso Estatuto, véñse comprometendo dende sempre de xeito exemplar en defensa da igualdade, que non é, nin máis nin menos, que en defensa dos dereitos humanos.

Dando resposta a aquel compromiso de concretar medidas e a unha demanda social colectiva, aprobamos a Lei para a igualdade de mulleres e homes e a Lei do traballo en igualdade de mulleres en Galicia, así como a primeira Lei para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, alén doutras moitas medidas de impulso que supuxeron avances moi significativos nestes eidos, que continúan a ser prioritarios para o Lexislativo.

Transcorridos tres decenios daquela declaración que trouxo consigo avances destacados para mulleres e nenas en todo o mundo, non hai dúbida ningunha de que, como xa dixen noutra ocasión, ningunha democracia pode considerarse completa sen a participación e a acción das mulleres.

A esta reflexión quero hoxe, cando celebramos o aniversario da nosa norma institucional básica, e observamos con inquietude a axitación política que nos invade, engadir a dous profesores de Harvard, Steven Levitsky e Daniel Ziblatt: «Ningún dirixente político por si propio pode poñer fin á democracia, e tampouco ningún líder político pode rescatala sen a cidadanía. A democracia é un asunto compartido. O seu destino depende de todos nós».!

Beijing foi un punto de partida, e o traballo das mulleres que hoxe reciben a Medalla do Parlamento de Galicia, un exemplo da continuidade do esforzo de todas as mulleres que loitaron pola liberdade e fixeron posible a Galicia de hoxe. A todas elas, grazas sempre.

A todos nós correspóndenos responder a ese legado co noso traballo, moi especialmente desde as administracións públicas, para que todas as nenas e mulleres de Galicia poidan vivir e decidir en liberdade e ocupar espazos libres de calquera discriminación ou tipo de violencia.

Parabéns a todas unha vez máis.

Moitas grazas

---